



CAMIÑO PRIMITIVO A SANTIAGO DE COMPOSTELA

LUGO, CIDADE AMURALLADA PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Lugo, a romana Lucus Augusti, é a cidade máis antiga de Galicia, fundada por volta do ano 14 antes da nosa era. Cando xa era tricentenaria, construíuse o seu redor unha poderosa muralla de máis de dous quilómetros, coroada por 85 poderosas torres que se alzaban dúas ou tres plantas sobre o adarve. Destas torres só queda un resto na Mosqueira, pero a muralla romana de Lugo é a única en todo o inmenso territorio do Imperio que conserva o seu circundo íntegro. O 2 de decembro do ano 2000 a UNESCO inscribiuna na lista de monumentos Patrimonio da Humanidade.

A cidade é ademais un vivo museo da romanidade: as termas, a ponte, diversos restos de construcións musealizadas in situ e outras valiosas pezas arqueolóxicas (por exemplo os famosos mosaicos) poderán ser admirados polo viaxeiro.

O Lugo medieval e moderno é tamén unha cidade de grande interese monumental, e contén auténticas xoias do románico, do gótico e do barroco: a catedral, os restos conventuais e as igrexas de franciscanos e dominicanos, o Pazo do Concello e outros pazos urbanos. O Camiño Primitivo de Santiago atravesa a cidade polo seu eixe medieval do Burgo Novo e o Burgo Vello.

O extenso concello de Lugo, situado no centro da Reserva da Biosfera "Terras do Miño", é unha pequena rexión moi variada, definida polo río Miño e os seus afluentes Narla, Mera, Fervedoira-Rato e Romeán-Chamoso. Merece a pena quedar dous ou tres días máis en Lugo para explorar os seus fascinantes arredores, cheos de carballeiras e fragas e paisaxes rurais de gran beleza.

INFORMACIÓN DE INTERESE

CONCELLO DE LUGO

Praza Maior, 1
T. 010 // 982 297 350

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO - CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA

Praza do Campo, 11
T. 982 251 658

OMIC - OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN O CONSUMIDOR

Ronda da Muralla, 197
T. 982 297 273

POLICÍA LOCAL DE LUGO

Rúa das Artes, s/n
T. 092 // 982 297 110
Obxectos perdidos:
982 297 283

PROTECCIÓN CIVIL MUNICIPAL

Rúa das Artes, s/n
T. 982 297 285

RADIO TAXI LUGO

(Servizo 24 h)
T. 982 213 377

Descarga a App Turismo de Lugo >

Android



iOS



facebook.com/LugoTurismo @LugoTurismo

www.lugo.gal

LUGO ROMANO ESENCIAL

1 Muralla romana, Patrimonio Mundial. Construída a fins do século III d. C., cun perímetro de máis de 2 km, único que se conserva completo en todo o territorio do Imperio Romano.

2 Porta da muralla. Dez portas, cinco delas modernas e o resto de orixe romana. A Porta Miñá é a que mellor conserva a estrutura orixinal.

3 Escalera de acceso ó paseo de ronda da muralla.

4 Rampa de acceso ó paseo de ronda da muralla.

5 Ascensor ó paseo de ronda, detrás do Pazo S. Marcos

6 Museo Centro Arqueolóxico San Roque.

Musealización in situ dos restos dunha necrópole romana, un estanque ritual e un forno de oleiro.

7 Estrutura funeraria (Vello Cárcere). Asociada á mesma necrópole do Centro Arqueolóxico San Roque.

8 Monumento ós fundadores da cidade (Praza Maior). Escultura en bronce representando Paulo Fabio Máximo e o emperador Augusto.

9 Templo romano (Círculo das Artes). Restos dun edificio rectangular con ábsida.

10 Piscina romana (Praza de Santa María). Resto dun complexo termal ou *balneum* doméstico.

11 Casa dos Mosaicos. Instalación museística sobre os restos arquitectónicos e decorativos dunha gran *domus* romana. Con audiovisual.

12 Milirio conmemorativo. Sinala o nó lucense das vías romanas da *Gallaecia*.

13 Museo Domus do Mitreo. Musealización in situ dos restos dunha *domus* romana e un templo dedicado ó deus Mitra, culto misterioso de orixe oriental.

14 Ponte Vella. De orixe romana, con modificacións medievais e modernas, recentemente restaurada. Ver plano ó dorso.

15 Termas romanas. Tres salas abovedadas que se conservan no actual Hotel Balneario. Ver plano ó dorso.

16 Templo romano de Santalla ou Santa Eulalia de Bóveda. Edificio tardorromano con pinturas murais ben conservadas, sen paralelos na metade occidental do Imperio. Ver mapa do Concello.

17 Fiestras arqueolóxicas e outros restos musealizados.

OUTROS MUSEOS

18 Centro de Interpretación da Muralla - Oficina Municipal de Turismo. Exposición de restos arqueolóxicos e instalación audiovisual.

19 Sala Porta Miñá. Exposición permanente dunha rica colección arqueolóxica sobre as orixes romanas da cidade.

20 Museo Provincial de Lugo. Museo arqueolóxico, pintura, escultura e artes menores. Inclúe o claustro románico, a cociña e o refectorio do antigo convento franciscano.

21 Oficina de Turismo da Xunta de Galicia e Centro de Interpretación do Camiño de Santiago.

22 Museo Diocesano Catedralicio.

23 Museo Interactivo da Historia de Lugo. A historia da cidade a través de pezas arqueolóxicas singulares e montaxes audiovisuais nun vangardista edificio no Parque da Milagrosa. Ver plano ó dorso.

EDIFICIOS E LUGARES DA CIDADE

24 Casa do Concello. Rematada en 1738, cunha das mellores fachadas do barroco civil galego.

25 Praza Maior. Centro vital da cidade. Conformada no século XIX na súa forma actual, con edificios singulares de diversos estilos.

26 Campo do Castelo. Parte do *Burgo Novo* medieval. Restos do Cárcere Eclesiástico do século XVIII.

27 Catedral. Empezada a construír en 1129, románica e gótica con reformas e engadidos posteriores. Altar maior, triforio, claustro, capelas absidais góticas, capela barroca da Virxe dos Ollos Grandes.

28 Pazo Episcopal. Barroco do século XVIII, cunha torre gótica do XV.

29 Praza do Campo. De estrutura medieval, con fonte central e casas barrocas.

Oficina Municipal de Turismo.

30 Barrio do Miño. O Burgo Vello, barrio de estrutura medieval con casas da época barroca e neoclásica.

31 Fonte da Porta Miñá e Pazo de Orbán (hoxe hotel). Barroco do século XVIII.

32 Igrexa de San Pedro. De estilo gótico mendicante, pertenceu ó antigo convento dos franciscanos.

33 Igrexa de San Domingos. De estilo gótico mendicante, cun edificio conventual anexo.

34 Rúa de San Marcos. A un lado o Pazo da Deputación, construído no século XIX, ó outro casas con galerías da mesma época.

35 Igrexa de San Froilán. Barroca, dos séculos XVII e XVIII.

36 Cuartel de San Fernando. Do século XVIII, en estilo neoclásico militar.

37 Igrexa de Santiago "A Nova". Barroca, con fachada neoclasicista.

38 Capela de San Roque. Barroca, do século XVIII.

39 Capela do Carme. Neoclásica, do século XVIII.

40 Vello Cárcere. Cárcere panóptico do século XIX rehabilitado para centro sociocultural do Concello.

41 Seminario Maior. De estilo historicista, século XIX.

42 Parque de Rosalía de Castro. De deseño modernista, con grande arborado. Miradoiro sobre o val do Miño. Ver plano ó dorso.

43 Barrio da Ponte. Antigo lazareto, conxunto barroco. Ver plano ó dorso.

44 Ponte do Tren. Acabada en 1873, é unha das máis belas pontes ferroviarias da Península. Ver plano ó dorso.

45 Parque da Milagrosa. Centro de lecer na parte norte da cidade, onde se atopan o MIHL, o Auditorio Municipal e outras instalacións sociais e deportivas. Ver plano ó dorso.

LUGO RURAL: ALGÚNS LUGARES E MONUMENTOS

46 Paseo do Rato. Inmediato á cidade. Ruta a pé (4 km) desde a Ponte do Tren ata a confluencia co Miño.

47 Miño aberto, río abaixo. Inmediato á cidade. Ruta a pé (3 km) desde a desembocadura do Rato ás Termas romanas.

Terra do Mera. *As parroquias do val do río Mera, San Xoán do Alto, O Burgo, Poutomillos, Prógalo, Santalla de Bóveda, Bacurín e San Pedro de Mera conforman un espazo rural de singular atractivo. Con sinalización monumental no programa Terras de Auga e Cultura.*

48 Aldea de Bóveda, co templo romano (nº 12 de *Lugo romano esencial*). Terras de Auga e Cultura.

49 O vello Lugo agrario. Ruta circular a pé (5 km) que sae de xunta o templo romano de Bóveda. Terras de Auga e Cultura.

50 Igrexa románica de Prógalo. Terras de Auga e Cultura.

51 Igrexa románica de Bacurín. Xunta o Camiño Primitivo de Santiago. Na ruta a pé do Vello Lugo agrario. Terras de Auga e Cultura.

52 Igrexa barroca do Burgo e capela de San Bartolomeu do Burgo. Xunta o Camiño Primitivo de Santiago. Terras de Auga e Cultura.

53 O río dos muiños. Ruta a pé (4 km) polas fragas e os vellos muiños do curso baixo do río Mera.

54 As ribeiras altas, Miño arriba. Ruta a pé (11 km) de ida e volta polas dúas ribeiras, entre carballeiras e prados.

55 Igrexa románica e barroca de Meilán.

56 Pazo barroco e aldea de Romeán. Camiño dos Bestilleiros de Romeán a Adai. Terras de Auga e Cultura.

57 Mazo de Santa Comba. Antigo complexo hidráulico con ferraría na beira do río Chamoso.

58 Ribas de Miño. Outro lugar de gran beleza paisaxística xunta o río Miño.

59 Igrexa barroca de Santiago de Saa.



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua